Amor dun día

Estrofas e retrouso **G–D / Em–C**

Estrofa 1

G **D**
Era unha noite de inverno,
Em **C**
nunha cidade de pedra,
G **D**
pois as rúas xa pedían
Em **C**
algo de licor nas veas.
G **D**
Fun andando cos amigos,
Em **C**
con moitas gañas de festa,
G **D**
pois por fin xa rematamos,
Em **C**
aquelo que menos presta!
G **D**
Esas noites non se esquecen,
Em **C**
eras libre como as serpes,
G **D**
pois na cabeza non tiñas,
Em **C**
nin horarios nin deberes.

Estrofa 2

G **D**
Camiñando pola rúa,
Em **C**
á luz das farolas vellas,
G **D**
pedras molladas brillando,
Em **C**
era noite de lua chea!

Retrouso

G **D**
Foi un bico de xeo e lume ,
Em **C**
coma o vento que chegou,
G **D**
xa era tarde aquela noite,
Em **C**
e marchaches xa co sol.
G **D**
Amor de inverno dun día,
Em **C**
sen promesas sen razón,
G **D**
máis quedaron para sempre,
Em **C**
pegadas no corazón!

Estrofa 3

G **D**
Fomos sombra e fomos lúa,
Em **C**
antes de votar a andar,
G **D**
o que foi da súa vida,
Em **C**
iso non sabrei xamáis!
G **D**
Os amigos xa marchaban,
Em **C**
cada quen para o seu lar,
G **D**
máis eu tiña a derradeira,
Em **C**
copa por se rematar!
G **D**
E naquel Sitio nos vimos,
Em **C**
eran cousas do azar,
G **D**
quen podía imaxinarse,
Em **C**
que un bico nos imos dar!

Retrouso

G **D**
Agardo que o vento leve
Em **C**
os teus soños ata o mar,
G **D**
e que por fin atoparas
Em **C**
un amor que dure máis!
G **D**
Nunca souben do teu nome,
Em **C**
nin tampouco onde vas,
G **D**
mais desexo que na vida
Em **C**
sexas libre coma o mar!

Retrouso final

G **D**
Foi un bico de xeo e lume,
Em **C**
coma o vento que chegou.
G **D**
Xa era tarde aquela noite,
Em **C**
e marchaches xa co sol.
G **D**
Amor de inverno dun día,
Em **C**
sen promesas, sen razón.
G **D**
Máis quedaron para sempre
Em **C**
pegadas no corazón.
(pegadas no corazón) (pegadas no corazón)

Cousas do Demo

Intro **G – D – Em – C / G – D – C – D**
Estrofas e retrouso **G – D – Em – C–D** | Peche **Em – C – G – D**

Intro
| G | D | Em | C |
| G | D | C | D |

Estrofa 1
G
E que pasaría aquél día,
D
que ata o Demo me dicía,
Em
hoxe é mellor que non saias,
C D
deixa a troula pra outro día!
G
Algo pasaba no corpo,
D
que ata a sangue percorría,
Em
sitios polos que non anda,
C D
quen sabía quen sabía!
G
Xunteime xa cos amigos,
D
era tarde, noite fría,
Em
cousas malas que aprendías,
C D
tamén boas iso é vida!

Retrouso
G
E o Demo, vendo tal vida,
D
moito, moito nos sorría,
Em
mentres nós cos seus cantares,
C D
esa esmorga acontecía!

Estrofa 2
G
Inda o Demo non sabía,
D
moi ben porque alí sorrían,
Em
mais na Rúa do Sol agarda,
C D
o viño, a caña e a alegría!
G
Uns chegaban xa ben antes,
D
outros tarde pra cantina,
Em
máis aquí ninguén agarda,
C D
iso non cambia na vida!
G
Mentres tanto alá na barra,
D
Óvalo que se chamaba,
Em
entre futbolíns e risas,
C D
a corbata vai manchada!

Estrofa 3
G
Pouco importaba esa mancha,
D
Rúa do Sol nos agardaba,
Em
e con semellante tropa,
C D
a noite non remataba!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Peche
Em
E xa case sen durmir,
C
e o sol petando na fiestra,
G
lembranzas da Noitevella,
D
aínda perduran na testa!
Em
Pois na praia de San Xurxo,
C
a pachanga non faltaba,
G
nin o Demo o pode crer,
D
resaca mellor non ter!
Em
Non te esquezas daquel día,
C
non o volvas a intentar!
G
Pois co Demo ese día,
D
aprendemos a xogar!

Retrouso final
Repite o retrouso completo.

Cuncas de lume

Intro **Am – G – F – E**
Estrofas **Am–G / F–E** | Pre-retrouso **F–G / Am–E**
Retrouso **Am–G / F–G / Am–G / F–E**

Intro

Am - G - F - E (x2)

Uh-oh…

Am
non hai volta atrás esta noite…

Estrofa 1

Am G
Baixa o sol coma un puño no val,
F E
cheira a fume, queimada que vai,
Am G
uns falaban dun conxuro tal,
F E
que afastaba o mal daquel lugar!
Am G
Xente rota por dentro e por fóra,
F E
algúns fuxen da súa propia memoria,
Am G
outros coseron medo coa risa,
F E
e hai quen perde así toda a súa vida!

Pre-retrouso

F G
E cando nos cae a noite sen pedir perdón,
Am E
arde na memoria preto, historias no corazón!

Retrouso

Am G
¡Berran forte ao seu carón!
F G
¡co poder deste licor!
Am G
tan quente que fai o lume
F E
mouchos, coruxas non son!
Am G
E coas cuncas cheas de lume,
F G
faise a nosa tradición,
Am G
pois ó brindar nesas cuncas,
F E
meigas afastadas son!
Am G
meigas afastadas son!

Estrofa 2

Am G
Pois logo da sardiñada, pra facer a dixestión,
F E
que nunca falte a queimada, nas cuncas da tradición!
Am G
Risas que baten axiña, ¡coma o bater dun tambor!
F E
pois naquela noite todos, liberamos nosa dor!

Pre-retrouso

Repite o pre-retrouso.

Retrouso

Repite o retrouso completo.

Estrofa 3

Am G
E berran forte todos eles, coma un só feitizo ardendo,
F E
cada quen coa súa gorxa… e o mal vaise desfacendo!
Am G
As lapas saltan no pote, todos salvados xa están!
F E
Porque coas cuncas de lume rompe ese medo ancestral!
F G
As cuncas cheas de lume… hoxe hai festa ata rachar!

Estrofa 4

Am G
E entre o fume vense ás veces, moitas verdades brillar,
F E
amores perdidos que aínda, hai quen pensa que han voltar.
Am G
Máis naquel intre atopamos, que a queimada leva xa,
F E
máis azucre do debido, ¡bótalle un chisco máis!
F G
pero ninguén quere mirar cara atrás,
Am E
porque esta noite… só hai que queimar.

Retrouso final

Repite o retrouso completo.

Marcos da Leira

Intro **G – D7 – G – G**
Estrofa inicial **G – D7 – D7 – G** | Primeiro retrouso **C – G – D7 – G**

Intro
G - D7 - G - G

Estrofa 1
G
Xa cho dixen o outro día,
D7
que non me toques os marcos,
D7
máis che vale facer caso,
G
non me toques o carallo.
G
Que as cousas da miña terra,
D7
mellor que non as souberas,
D7
ando co sacho na leira,
G
máis te vale non o esquezas.

Retrouso 1
C
Non me veñas con parvadas,
G
que a paciencia se esgotou,
D7
que o que sementas na terra,
G
iso mesmo eu che dou!
C
Era voz da terra brava,
G
que non deixa de berrar,
D7
non te esquezas do pasado,
G
vai rañar e vai rañar.

Estrofa 2
D7
Pois quen rouba un palmo a terra,
G
rouba a alma do lugar!
D7
Que non me toques os marcos,
G
loita obreira non querrás!
G
PORQUE CANDO O POBO FALA,
D7
NON SÓ É MURMURAR,
D7
QUE POR SABER TI NON SABES,
G
NIN PATACAS XA PRANTAR!
G
E polo furado da porta,
D7
non me volvas albiscar,
D7
que coa vara das das vacas,
G
xa te hei de escorrentar.

Retrouso 2
G
E aquel día no furancho,
D7
dese pobo somos nós,
D7
por fin ti ben entendiches
G
que a terra fala por nós.
G
Pode ser que aquel día
D7
a cabeza che mudou,
D7
e que cun grolo de viño
G
amañamos entre os dous.

Peche
C
Hai feridas nesta terra
G
que non queren pechar máis,
D7
cada pedra ten memoria.
G
Para cada marco un dono hai.

Final
G - D7 - G

As mulleres da Terra

Intro e estrofas **Am – F – C – G** | Pre-retrouso **F – G – Am – E7**
Retrouso **C – G – Am – F** | Peche **F – G – Am – E7 – Am**

Intro
Am – F – C – G (x2)

Estrofa 1
Am
Nacín coa forza do vento
F
co sal prendida na pel,
C
ben cedo aprendín na vida,
G
ninguén manda no meu ser!
Am
Teño as mans feitas de pedra,
F
contaba aquela muller,
C
teño os ollos xa ben fartos,
G
melhor hai cousas non ver!!
Am
Nas cinco esquinas do mundo
F
vai camiñando o meu pé,
C
levo historias nas feridas
G
que a chuvia non pode ver.

Estrofa 2
Am
Son mareas de lembranzas
F
que regresan outra vez,
C
son as voces que me empurran
G
a quedar e a pertencer.
Am
Ese berro que arrecende,
F
moi preto á beira do mar,
C
eran voces que aínda escoitas,
G
meigas eran do lugar!
Am
Houbo noites sen estrelas,
F
houbo días sen cantar,
C
mais elas seguían ergueitas,
G
non as podían parar…

Retrouso
C
Poden pecharnos as portas,
G
poden esquecer de Nós,
Am
poden finxir que non somos,
F
mais seguimos sendo Nós,
C
Hai mulleres nesta terra,
G
na memoria e no suor,
Am
nas historias que nos deixan
F
latexando o corazón.

Estrofa 3
Am
Hai pedras que gardan nomes
F
que o tempo quixo afogar,
C
tamén voces baixo a leira,
G
que non se deixan calar.
Am
Porque cando o vento soa,
F
fraga, souto e piñeiral,
C
voltan as mans silenciadas,
G
a falar neste lugar!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
Am
Elas agardan no porto,
F
dos que marchan cara ao mar,
C
vida dura, vida chea,
G
que ninguén puido dobrar.
Am
Aprendín da Rosalía,
F
que as tristuras fan cantar,
C
que hai pobos que nunca morren,
G
pois teñen o seu falar!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Latexo Peregrino

Intro **G – D – Em – C / G – D – C – D**
Estrofas **G – D – Em – C** | Retrouso **C – G – D – Em**
Peche **Em – C – G – D / Em – C – D – G**

Intro
| G | D | Em | C |
| G | D | C | D |

Estrofa 1
G
Un día comezas andar,
D
pouco a pouco es peregrino!
Em
Pois o camiño os teus pés,
C
moitas historias van ver!
G
Cada quen fixo o camiño,
D
ao seu modo ao seu andar,
Em
Non hai fin, só percorrido,
C
moito tempo compartido!
Em
Van camiño da lembranza,
C
van en busca do seu ser!
G
Máis o que foi no camiño,
D
todo aquilo non vas crer!

Estrofa 2
G
Mil historias no camiño,
D
día e noite xuntos van,
Em
Son os pobres peregrinos,
C
sempre sen mirar atrás.

Retrouso
C
¡Ei, Santiago, xa se sente!
G
Canta xunta toda a xente!
D
Non hai meta nin destino,
Em
só un latexo peregrino!
C
¡Ei, Santiago, xa se sente!
G
Canta xunta toda a xente!
D
Non hai meta nin destino,
C D G
só un latexo peregrino!

Estrofa 3
G
Era un mozo peregrino,
D
que empezou só o camiño,
Em
mais logo de andar un pouco,
C
xa ía arrimado cos outros!
G
Moitas amizades fixo,
D
desas que se han de lembrar,
Em
pois xuntos faise o camiño,
C
xa na noite un grolo vai!
G
Moitas vieiras peregrino,
D
Compostela está a agardar,
Em
ti camiña peregrino,
C
coa túa vara pra axudar!

Estrofa 4
G
Mil historias no camiño,
D
día e noite xuntos van,
Em
Son os pobres peregrinos,
C
sempre sen mirar atrás.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 5
Em
No Cebreiro sopra o vento,
C
en Melide hai polbo á feira,
G
En cada taberna tiñas,
D
peixe, carne ou zamburiñas!
Em
Hai quen camiñaba só,
C
hai quen roda ata o solpor,
G
Hai quen perdeu o seu norte,
D
aquí vese andar mellor.
G
Nas costas pesa a mochila,
D
mais esta paisaxe brilla,
Em
xa estás perto meu amigo,
C
din que hai viño nesta vila!

Estrofa 6
G
Mil historias no camiño,
D
día e noite xuntos van,
Em
Son os pobres peregrinos,
C
sempre sen mirar atrás.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 7
G
Desde Sarria a Compostela,
D
desde o mundo ata a taberna,
Em
Cada paso conta historias,
C
cada noite xa é unha festa!
G
E cando soan as campás,
D
xa na praza do Obradoiro,
Em
ninguén chega sendo o mesmo,
C
leva o Camiño no peito!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Final
| Em | C | G | D |
| Em | C | D | G |

Tatuaxes na Memoria

Intro e estrofas **Am – F – C – G** | Retrouso **C – G – Am – F**
Ponte **F – G – Am – C / F – G – Am – E7**

Intro
Am F C G (x2)

Estrofa 1
Am F C G
Aínda lembro ese arrecendo, daquela terra mollada,
Am F C G
eran as primeiras choivas, en Galicia eu estaba!
Am F C G
Hai lembranzas que quedaron, por algún motivo foi,
Am F C G
nese intre que pasaron, non se esquecen con razón!

Estrofa 2
Am F C G
Era orballo, chuviscada, choiva e moita treboada,
Am F C G
máis tarde ou cedo sempre ese sol se albiscaba!
Am F C G
Como os pinos que lle cantan ó vento de madrugada,
Am F C G
a miña alma tamén canta despois da gran treboada.

Retrouso
C G Am F
Tatuaxes na memoria, que o tempo non os borrou.
C G Am F
sementes de nova vida que a miña alma gardou!
C G Am F
E se ves que chega o amor dos que prefiren quedar,
C G Am F Am
faino medrar no teu peito... que non se perda no mar.

Estrofa 3
(Suave, arpegiado)
Am F C G
A voz dos avós na veira, un bico ao pé do mar,
Am F C G
un amigo que te chama, e nunca deixou de estar.
(Con fuerza)
Am F C G
Que fuxan as vellas dores, que medren as herbas novas,
Am F C G
que a vida cura con flores as cicatrices máis fondas.
Am F C G
Despois dunha treboada, a terra volve a brotar,
Am F C G
o vento limpa a mirada, ¡volta sempre a camiñar!
G
¡volta sempre a camiñar!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
Am F C G
Cada bágoa foi un río e a nosa alma navegou,
Am F C G
cada sorriso é unha flor que neste peito espertou.
Am F C G
Como os trazos dun debuxo que pintan a realidade,
Am F C G
miro o mundo cos teus ollos, con orgullo e dignidade.

Ponte
(Marcando los golpes)
F G Am C
Miña terra, meu sorriso, herba verde do camiño,
F G Am E7
se caín, hoxe me ergo coma o brote do piñeiro.
F G Am C
Que a memory ten tatuaxes, pero o peito ten sementes,
F G Am E7
e o amor que levas dentro fainos libres e valentes.
F G Am C
Non hai inverno que nos cegue, nin vento que nos mude o norte,
F G Am G F G
somos fillos desta terra, somos ceibes, somos fortes!

Retrouso
...que non se perda no mar!(x3)
C G Am F
Tatuaxes na memoria, que o tempo non os borrou.
C G Am F
sementes de nova vida que a miña alma agardou!
C G Am F
E se ves que chega o amor dos que prefiren quedar,
C G Am F
faino medrar no teu peito... que non se perda no mar!

Peche
Am F
...que non se perda no mar!
C G
...que non se perda no mar!
Am F Am
...que non se perda no mar!

Sen pedir nada por nada

Intro e estrofas **G – C – D – G**
Retrouso **G – C – D – G / Em – Bm – C – D**

Intro
G - C - D - G
G - C - D - G

Estrofa 1
G
Era unha aldea pequena,
C
dun pobo que hei de lembrar,
D
nunha vella casa de pedra
G
moita familia a xantar.
G
Alí case todos os días
C
comían caldo a fartar,
D
pois a carne se curaba,
G
e a matanza hai que agardar!

Estrofa 2
G
Os ovos ían pra feira,
C
feira das Somozas, vai,
D
cos froitos de todo o ano
G
que a terra sempre lles dá.
Em
Abaixo viven as vacas,
Bm
os porcos xusto ao entrar,
C
e subindo as escaleiras
D
arriba vas descansar.

Retrouso
G
¡Ai, a Panda, a miña aldea!
C
Onde o lume nunca para,
D
onde o pobo se axudaba
G
cun sorriso na mirada.
Em
Xuntos todos no camiño,
Bm
¡sen pedir nada por nada!
C
compartindo pan e viño,
D
coa colleita ben gardada.

Interludio rápido
G - C - D - G

Estrofa 3
G
Ao carón está a cociña
C
cunha lareira de pedra,
D
as ovellas polo monte,
G
as galiñas pola herba.
G
Saían todas de paseo
C
pola mañá tan tranquilas,
D
e só con darlles un berro
G
pra a casa volven axiña.

Estrofa 4
G
E ata que un día aconteceu,
C
que unha das oito irmás,
D
foi coas vacas a lindar
G
e no monte deulle vida.
Em
E volveu co seu meniño,
Bm
outro máis para a familia,
C
coas vacas detrás,
D
nun feliz parto de día.

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 5
G
Naquela feira de Somozas,
C
alí foron a vender,
D
as cousas que eles tiñan
G
que a terra lles deu a ben.
G
Era xente moi humilde
C
que do campo eles vivían
D
e cos veciños da contorna
G
o pouco que había compartían.

Peche
G - C - D - G
Repetir hasta terminar en un golpe seco en G

Os dous do bote

Intro e primeira estrofa **G – C – D – G**
Variante de estrofa **Em – C – D – G**

Intro
G - C - D - G (x2)

Estrofa 1
G C
Era un día xa esperado, no que Lugo estaba a encher,
D G
coa ilusión daquela esmorga que agardaba acontecer!
G C
Poucos cartos ían no peto, festas de non esquecer,
D G
desas que levas por dentro, moitas mozas iamos ver!
Em C
Nunha tasca da Muralla comezamos a brindar,
D G
e só cun primeiro brinde xa non se podía parar!
Em C
Viño branco, viño tinto, outra rolda para alá,
D G
porque cando un leva o bote faise o xefe do lugar!

Retrouso
G C
¡Máis daquela nos perdemos, que nos busquen eles xa!
D G
Moitos cartos nos levamos, as birras van faltar! (¡Ey!)
G C
Pois hoxe temos o bote, hoxe non hai que aforrar!
D G
Noite de viños e risas, moza convidada estás!
Em C
Mentres tanto os compañeiros sen parar de preguntar:
D G
"¿Alguén viu os dous do bote? Onde carallo estarán?"

Estrofa 2
G C
E nós mortos xa coa risa, sen intención de voltar,
D G
porque a festa era tan boa que buscar non vou buscar!
G C
Son esas noites de troula, que non podes agardar,
D G
lúa de bailes e risas, que atopar vas atopar!
Em C
E os amigos de verdade, sempre se volven xuntar,
D G
máis do bote aquela noite, ¡non soubemos nada máis!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Ponte
G C
¡Que nos busquen na cidade! Esta noite é San Froilán,
D G
que despois de tanta troula xa nos coñecen de máis.
Em C
E o raiar do Sol na pedra, amencía na muralla...
D G
pois logo desa batalla, ¡dese bote non quedaba!

Retrouso final
Repite o retrouso completo.

Peche
G C
O bote quedou baleiro, pero o peito vai ben cheo,
D G
¡que noites coma esta en Lugo... déixante preto do ceo!
(Termina con un rasgueo seco y fuerte en G)

Nos teus ollos

Intro, estrofas e retrouso **G–D / Em–C**
Ponte **Am–C / G–D**

Intro
G D Em C (x2)

Estrofa 1
G D
Era unha tarde calquera
Em C
estaba ledo sen querer,
G D
camiñando pola rúa,
Em C
cousas que non podes crer!
G D
Quen sabía quen soupera
Em C
que alí nos íamos ver,
G D
cada quen fai seu camiño,
Em C
máis axudas non vas ter…
G D
Ti falabasme amodo,
Em C
cuns ollos que fan tremer,
G D
eran azuis coma o ceo,
Em C
eu non o podía crer…

Retrouso
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor!
G D
Nos teus ollos vai perdida,
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou.

Interludio
G D Em C (x1)

Estrofa 2
G D
Unha moza torturada
Em C
polas malas decisións,
G D
unha vida solapada,
Em C
que non tiña solución…
G D
Máis naquel intre falamos,
Em C
como dous amigos que,
G D
xa facía moito tempo
Em C
que inda quedaban por ver.
G D
E nese preciso instante
Em C
comencei a comprender,
G D
que o tempo te leva tarde
Em C
as veces a ser quen es!

Retrouso
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor.
G D
Nos teus ollos vai perdida
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou.

Ponte
Am C
Porque todos cometemos
G D
moitos erros sen saber,
Am C
pero hai xente que o paga
G D
todo xunto dunha vez!
Am C
Tanta amargura fixeches,
G D
de pronto no corazón,
Am C
que eu tiven que convidarte,
G D
pois ti levabas razón.
Am C
Precisabas dun amigo
G D
un grolo de corazón,
Am C
eu so puiden darte cartos
G D
a tua aperta mos pagou!

Estrofa 3
G D
E se un día escoitas isto,
Em C
agardo de corazón
G D
que a tua vida xa cambiara,
Em C
que atoparas solución.
G D
Pois naqueles ollos brilla
Em C
a tristura e a emoción,
G D
e os consellos que nos dimos,
Em C
sinceros coma a razón!

Retrouso final
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor.
G D
Nos teus ollos vai perdida,
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou!
G D
E se algún día te levantas
Em C
desta fría escuridade,
G D
nos teus ollos vexo a vida,
Em C
volve a túa claridade!